



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E
A ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS PARA A COLABORACIÓN NA
XESTIÓN DO PROGRAMA DO CARNÉ FAMILIAR GALEGO**

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2017

REUNIDOS

Dunha parte,

D. José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, nomeado en virtude do Decreto 126/2015, do 4 de outubro, e actuando en uso das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte,

D. Luís Sánchez González, con NIF núm. 76319881Q, presidente da Asociación Galega de Familias Numerosas, que actúa en nome e representación desta entidade, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto nos seus estatutos e que consta inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais desta Consellería de Política Social.

Ámbalas dúas partes, no nome e representación en que concorren e con capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 4 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro,



polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 e na Lei 40/2015 do 1 de outubro do réxime xurídico das administracións públicas.

SEGUNDO. Que a Comunidade Autónoma Galega, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e, en virtude da mencionada competencia, foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

TERCEIRO. Que a Consellería de Política Social, ao abeiro do disposto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de acción social de apoio á familia, entre outras. Neste eido correspóndelle exercer as políticas autonómicas de apoio e protección á familia e aos seus membros, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que recollen o deber dos poderes públicos de recoñecer e amparar a familia en todas as súas manifestacións e formas de organización, dándolles un especial apoio e protección.

CUARTO. Que a Asociación Galega de Familias Numerosas é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co núm. E-3218, que ten entre as súas funcións a defensa das familias numerosas, colectivo comprendido no ámbito competencial desta Consellería de Política Social.

QUINTO. Que dentro da política do Goberno en apoio á familia, a Xunta de Galicia puxo en marcha, durante o ano 2001, un programa de apoio ás familias numerosas denominado "carné familiar". Este programa concíbese como unha medida de apoio social que ten por obxectivo facilitar o acceso das familias numerosas a distintos bens e



servizos mediante descontos ou outro tipo de vantaxes e que amplía e complementa os beneficios que outorga o título de familia numerosa.

Así, o carné familiar é unha tarxeta gratuíta, persoal, intransferible e non financeira coa que os membros das familias numerosas de Galicia obteñen importantes vantaxes ou descontos nos establecementos colaboradores con este programa.

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, considera conveniente a sinatura dun convenio de colaboración para a cooperación na xestión do programa carné familiar galego. O carácter singular deste instrumento, sen convocatoria pública, xustifícase na exclusión da concorrència pois a Asociación Galega de Familias Numerosas é a única asociación de familias numerosas que existe a nivel autonómico e, polo tanto, a única que ten como obxectivo protexer e favorecer as familias numerosas, o que fai que non sexa posible promover a concorrència pública de cara á concesión dunha subvención para tal fin.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario. Así mesmo, o artigo 31.2, en relación co artigo 55, da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia ampara, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, a subscrición de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública, como é o caso.

Así mesmo, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, no seu artigo 9, inclúe as familias numerosas como un dos grupos de familias de especial consideración, o que supón desenvolver a prol delas un trato preferente en diferentes ámbitos segundo o que estableza a normativa sectorial correspondente, obriga recollida no artigo 18. Por isto, ten un interese especial, para esta consellería levar a cabo un programa destinado ás familias numerosas en colaboración coa única asociación de familias numerosas existente en Galicia. A Asociación Galega de Familias Numerosas ten entre os seus obxectivos a cooperación na defensa, mellora e perfeccionamento dos dereitos outorgados ás familias numerosas



na lexislación vixente e o asesoramento e información aos asociados acerca dos seus dereitos e prestacións. A experiencia continuada durante anos conseguindo beneficios e descontos de iniciativas privadas para os seus asociados en atención á súa condición de familias numerosas e o seu elevado coñecemento da problemática destas supoñen que non se atope ningunha outra asociación que poida cumprir os obxectivos do convenio de xeito tan axeitado e eficiente.

Por todo o anteriormente exposto, a Consellería de Política Social considera conveniente a sinatura do presente convenio de colaboración con base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

O programa Carné familiar galego é un programa da Xunta de Galicia que se creou no ano 2001 como medio para ampliar os beneficios das familias numerosas en Galicia. Concíbese como unha medida de apoio social baseada na colaboración entre a Administración autonómica e a iniciativa privada que ten como obxectivo facilitar o acceso das familias numerosas a distintos bens e servizos mediante descontos ou outro tipo de vantaxe e que amplía e complementa os beneficios que outorga o título oficial de familia numerosa.

Para o desenvolvemento do dito programa adoptáronse diversos acordos o último deles o 16 de maio de 2014. Neste acordo a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, Novagalicia Banco, Citroën, Gadisa e a Asociación Galega de Familias Numerosas asinan unha serie de compromisos para o desenvolvemento do programa "Carné Familiar Galego".

No dito acordo establecíase os compromisos que adquirirían cada unha das partes asinantes, indicándose na cláusula cuarta que AGAFAN asumía o compromiso de elaboración da Guía de entidades colaboradoras co dito programa nun formato dixital dispoñible na internet.

Constitúe o obxecto do presente convenio regular o marco da colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación Galega de Familias Numerosas para a mellora e desenvolvemento do programa do carné familiar como recurso que beneficia as familias numerosas. Neste senso e co obxecto de ampliar e mellorar o programa "



Carné familiar galego”, levaranse a cabo diferentes actuacións tendentes á consecución do dito obxectivo consistentes na captación de novas entidades colaboradoras co mencionado programa e na actualización da guía de entidades colaboradoras.

SEGUNDA. ACTUACIÓNS

1. A entidade Asociación Galega de Familias Numerosas comprométese a:

- a) Captar novas empresas, dispostas a aplicar beneficios e vantaxes ás familias numerosas e á súa inclusión na guía de entidades colaboradoras co programa do carné familiar.
- b) Manter actualizada a guía de empresas colaboradoras do programa carné familiar e remitir mensualmente as actualizacións á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.
- c) Elaborar e manter actualizado e publicado na páxina web da asociación un arquivo PDF cos descontos ás familias numerosas que se achegará, xunto con todas as súas actualizacións, á Consellería de Política Social para que figure tamén a información actualizada na páxina web da Consellería.
- d) Realizar a labor de difusión de información acerca do carné familiar galego e os seus beneficios.

TERCEIRA. IMPORTE E CONDICIÓNS DE PAGO

1. A Consellería de Política Social contribuirá ao financiamento dos gastos derivados da execución do presente convenio cunha contía global de dezaseis mil cincocentos euros (16.500 €), con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.312B.481.0 dos orzamentos da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social na anualidade de 2017, na que existe crédito axeitado e suficiente na Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017. A devandita achega económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo



establecido no convenio. De acordo co artigo 29.2. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido no presente convenio.

- 
- 
2. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.
 3. Esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha institución sen fin de lucro, segundo menciona o artigo 65.4.f) deste mesmo Decreto.
 4. De conformidade co disposto no artigo 40.1.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, determínase que o prazo de xustificación das actuacións desenvolvidas no marco deste convenio remate o 30 de novembro de 2017.
 5. O pagamento da contía referida no presente convenio farase do seguinte xeito:
 - a) Ata o 80% do total concedido poderase facer efectivo mediante pagos parciais á conta da liquidación definitiva na medida que a entidade xustifique os gastos e os pagos realizados.
 - b) Antes de facer efectivo o 20% restante, a entidade deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as concedidas como as pendentes de resolución, para este mesmo concepto, das distintas Administracións Públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. Así mesmo, enviará certificación xustificativa de gastos acompañada das correspondentes facturas, nas que se reflecta que os gastos realizados foron iguais ou superiores á axuda concedida e xustificantes do pagamento nos termos recollidos no artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



6. Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente de acordo co artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.

7. En todo caso, a Consellería de Política Social queda facultada para recabar en calquera momento a información que considere necesaria para o seguimento da efectividade do contido do presente convenio, e para esixir cantos documentos estime necesarios para a debida xustificación do gasto.

Así mesmo, a entidade estará obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

CUARTA. COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

QUINTA. OBRIGAS

1. Para poder ser beneficiarios das axudas a Asociación Galega de Familias Numerosas deberá satisfacer os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a seguir se relacionan:

- a) Non ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Non ter solicitado a declaración de concurso, non ter sido declarados insolventes en ningún procedemento, non ter sido declarados en concurso, salvo que neste tivera adquirido a eficacia dun convenio, non estar suxeitos a intervención xudicial



ou ser inhabilitados conforme á la Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

- c) Non dar lugar, por causa da que foran declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.
- d) Non estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal de outras personas xurídicas en algún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.
- f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Estar ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.
- h) Non ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a presente lei ou a Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

2. A Asociación Galega de Familias Numerosas debe cumprir, ademais, coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e que son, entre outras, as seguintes:

- a) Para os efectos de acreditar que se atopa ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma nin é debedor por resolución de procedencia do reintegro tanto no momento da sinatura do convenio como no momento de realizarse o pagamento, deberá achegar unha declaración responsable que recolla os ditos extremos.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.



c) Comunicar á Consellería de Política Social, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) A Asociación Galega de Familias Numerosas deberá dar adecuada publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención nos termos regulamentariamente establecidos.

3. Así mesmo, a Asociación Galega de Familias Numerosas debe cumprir coas obrigas de suministro de información establecidas no artigo 4, da Ley 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

SEXTA. MODIFICACIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación do presente convenio.

SÉTIMA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

1. A Asociación Galega de Familias Numerosas realizará a selección do persoal específico que precise e dedique para a colaboración na execución do programa do carné familiar.
2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo, entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Consellería de Política Social, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.



OITAVA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

2. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

- a) O presidente da Asociación Galega de Familias Numerosas, ou un vogal da entidade que o substitúa.
- b) A directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, que poderá delegar na subdirectora xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia.
- c) Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

NOVENA. PUBLICIDADE DAS ACTUACIÓNS

A Asociación Galega de Familias Numerosas queda autorizada para facer mención da súa colaboración co programa do carné familiar en todo momento.

DECIMA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
2. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



3. Ademais, deberase cumprir coa obriga de suministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

DÉCIMO PRIMEIRA. NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose polas súas cláusulas e o establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas; no seu defecto aplicaráselles os principios do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar. Á súa vez, en canto á súa aplicación, estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e nas normas de procedente aplicación.

DÉCIMO SEGUNDA. VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017. Non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro do ano 2017.

DÉCIMO TERCEIRA. RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Serán causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de mora xerados dende o momento do seu pagamento, as seguintes:

1. incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.
2. A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.
3. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.



4. Os demais supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMO CUARTA. CUESTIÓN LITIXIOSAS

Correspóndelle á Consellería de Política Social a resolución das cuestión litixiosas que poidan xurdir sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos do presente convenio e os seus acordos poñen fin á vía administrativa.

2. Contra estes acordos poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro do artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas ou directamente recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

DÉCIMO QUINTA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1. En aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular o establecido no seu artigo 5, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.
2. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.



E, en proba de conformidade de canto antecede e para a debida constancia, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL


José Manuel Rey Varela

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN GALEGA DE
FAMILIAS NUMEROSAS


Luís Sánchez González